

REGULAMENTO "XIII EDICIÓN CORREXSALCEDA"

A XIII edición de correXsalceda, organizada polo Concello de Salceda de Caselas, celebrarase o domingo día 3 de Maio de 2026.

Carreira con póliza de responsabilidade civil **número 36260062**, e seguro de accidentes colectivos **número 0000000 (Allianz Seguros)** para tódolos/as participantes debidamente inscritos na proba.

CARREIRA PUNTUABLE (RUTA), PARA O CIRCUÍTO GALEGO DE CARREIRAS POPULARES (COEFICIENTE 1,50) CIRCUÍTO 2025-2026.
Máis información en: www.correrengalicia.org

Regulamento xeral

1.- A saída da Carreira Absoluta darase na Praza do Concello ás 10:30 horas, quedando a liña de meta situada no mesmo punto.

O tempo máximo de duración da proba 10.000 metros será de 1 hora 30 min e a de 5.000 metros será de 50 min.

2.- Os percorridos serán de 10.000 metros (carreira oficial) e de 5.000 metros (carreira alternativa) e discorrerán polos seguintes circuitos ([enlace a circuitos](#))

3.- Ao longo do percorrido, a organización establecerá controis. Existirá 1 posto de avituallamento líquido, aproximadamente no quilómetro 5, máis o especial de meta.

4.- O prazo de inscrición **BONIFICADO** rematará o LUNS día 20 de abril as 24:00 h, do MARTES día 21 de abril ao MÉRCORES 29 de abril (ambos incluídos)o prezo incrementarase en 2 €.

Inscrición BONIFICADA ata o 20 de Abril

CARREIRA ABSOLUTA (ANO 2009 e anteriores):6 €

Inscricións do 21 de abril ata o 29 de abril

CARREIRA ABSOLUTA (ANO 2009 e anteriores):8 €

As persoas que se inscriban pola Web, non quedarán correctamente inscritas se non finalizan o proceso de pago.

As inscricións realizaranse a través da páxina web <https://sportmaniacs.com/es/services/inscription/xiii-edicin-correxsalceda-2026> facendo constar todos os datos requiridos no procedemento de inscrición.

A corrección de erros poderase facer durante o período de inscrición a través da páxina web. A Organización non se

fai responsable das consecuencias que se deriven dunha inscrición defectuosa e/ou errónea por parte do corredor/a ou en quen delegue. **As persoas que se inscriban, non quedarán correctamente inscritas si non finalizan o proceso de pago.**

5.- Recollida de dorsal con chip desbotable;

- **Sábado día 2 de Maio 10:30 a 13:00 e de 16:30 a 19:00 horas no Pavillón Municipal dos Deportes de Salceda.**
- **Tamén se poderán recoller o domingo día 3 de maio nun lugar habilitado na Praza do Concello de Salceda de Caselas, ata 30 minutos antes do comezo de cada carreira.**

6.- O chip vai pegado no dorsal e é desbotable, polo que non se terá que devolver o rematar a carreira.*

7.- Establécense categorías para mulleres e homes con clasificacións diferenciadas.

As categorías corresponden ás persoas nadas nos anos indicados:

CATEGORÍAS HOMES E MULLERES

PROBA DE 10.000 METROS

Xuvenil	2007-2008-2009-2010	(10.000 metros)
Sénior	2006 ata Máster	(10.000 metros)
Máster AB	36 - 45	(10.000 metros)
Máster CD	46 - 55	(10.000 metros)
Máster EF	56 - 65	(10.000 metros)
Máster G	+66	(10.000 metros)

PROBA DE 5.000 METROS

Absoluta 2010 e anteriores (5.000 metros)

8.- Premios:

Trofeos para os tres primeiros postos (absolutos 10.000 metros) e (persoas empadroadas ou nadas en Salceda 10.000 metros);

Trofeos para os tres primeiros postos (absolutos 5.000 metros) e (persoas empadroadas ou nadas en Salceda 5.000 metros);

Trofeos para os primeiros postos de cada categoría en 10.000 metros.

Clasificación (absoluta 10.000 metros)

1º posto: trofeo e (obsequio a determinar)

2º posto: trofeo e (obsequio a determinar)

3º posto: trofeo e (obsequio a determinar)

Clasificación (persoas empadroadas ou nadas en Salceda 10.000 metros)

1º posto: trofeo e (obsequio a determinar)

2º posto: trofeo e (obsequio a determinar)

3º posto: trofeo e (obsequio a determinar)

Clasificación categoría Xuvenil (10.000 metros)

1º clasificado: Trofeo e 1ª clasificada: Trofeo

Clasificación categoría Sénior (10.000 metros)

1º clasificado: Trofeo e 1ª clasificada: Trofeo

Clasificación categoría Máster AB (10.000 metros)

1º clasificado: Trofeo e 1ª clasificada: Trofeo

Clasificación categoría Máster CD B (10.000 metros)

1º clasificado: Trofeo e 1ª clasificada: Trofeo

Clasificación categoría Máster EF (10.000 metros)

1º clasificado: Trofeo e 1ª clasificada: Trofeo

Clasificación categoría Máster G (10.000 metros)

1º clasificado: Trofeo e 1ª clasificada: Trofeo

Clasificación (absoluta 5.000 metros)

1º posto: trofeo e (obsequio a determinar)

2º posto: trofeo e (obsequio a determinar)

3º posto: trofeo e (obsequio a determinar)

Clasificación (persoas empadroadas ou nadas en Salceda 5.000 metros)

1º posto: trofeo e (obsequio a determinar)

2º posto: trofeo e (obsequio a determinar)

3º posto: trofeo e (obsequio a determinar)

Os premios non son acumulables.

Camiseta para cada atleta que cruce a liña de meta co control aberto e ata esgotar existencias, as tallas das mesmas serán aproximadas podendo sufrir pequenas variacións.

Para optar aos premios para atletas de Salceda, haberá que ser nado ou empadroado no Concello de Salceda de Caselas e indicalo no momento da inscrición. Non se realizará ningún cambio unha vez pechada a inscrición oficial.

9.- A entrega de trofeos da categoría absoluta (10k e 5k), terá lugar ao remate das carreiras na Praza do Concello de Salceda de Caselas.

10.- Para poder recoller os premios deberase xustificar documentalmete o ano de nacemento, por medio do DNI ou documento legal en vigor se así o esixe a organización.

11.- As persoas participantes deberán situarse por detrás da liña de saída 10 minutos antes do comezo da proba, atendendo en todo momento as indicacións da organización.

12.- Está prohibido o acompañamento das persoas participantes por vehículos de axuda e/ou animais, **agás para as persoas con mobilidade reducida na carreira de menores/escolares que poderán levar vehículo de soporte persoal e cans guías de ser o caso.**

13.- O percorrido estará sinalizado en cada quilómetro.

14.- O control das inscricións, dorsais, chips, resultados e secretaría será realizado por procedementos automatizados.

15.- Será motivo de descualificación, entre outros, os seguintes aspectos: non realizar todo o circuíto da carreira, non levar dorsal ou manipulalo, falsificar datos persoais e a suplantación de identidade.

16.- Todo o non disposto neste regulamento rexerese polas Normas de Competición da FGA para a presente tempada, así como todo o regulamentado por instancias superiores.

17.- Dado o carácter deportivo e popular non se admitirán reclamacións. **A organización reservase o dereito a modificar este regulamento si as circunstancias así o aconsellan (informando oportunamente), sendo as súas decisións inapelables.**

18.- Coa inscrición, polo feito de tomar a saída na Carreira, **aceptase o presente regulamento**, e dá dereito á organización para poder facer uso das imaxes do evento para a súa utilización. No caso de dúbida ou de xurdir algunha situación non reflectida no mesmo, estarase ao que dispoña o Comité Organizador.

19.- Toda persoa que corra sen estar inscrita, farao baixo a súa responsabilidade e non poderá optar aos trofeos nin obsequios. Tampouco estará amparada polos seguros da proba.

20.- Calquera participante con problemas médicos (alergia, atencións especiais, etc.) debera facelo constar no reverso de dorsal da proba.

21.- Outros servizos dispoñibles:

1. Duchas: no Pavillón Municipal dos Deportes de Salceda de Caselas
2. Avituallamento: Habilitado nunha zona concreta ao pasar a meta.

3. Sevizo de ambulancia medicalizada.
4. Entrega de Premios: A partir das 12:45 horas na Praza do Concello de Salceda de Caselas.

Regulamento escolares/menores

(Circuitos accesibles en 1.000m, 500m, 150m e 100m.)

CATEGORÍAS ESCOLARES/MENORES (ANO 2011 A 2024): INSCRIPCIÓN, 1 QUILO DE ALIMENTOS NON PERECEDOIROS, PREFERENTEMENTE LATAS DE CONSERVA E ACEITE, A ENTREGAR NA RETIRADA DO DORSAL.

1.- Estas carreiras están reservadas para as persoas nadas en 2011 e seguintes.

2.- A inscrición farase de xeito individual en <https://sportmaniacs.com/es/services/inscription/xiii-edicin-correxsalceda-2026>

3- A proba de 2.500m (CATEGORÍA "A") dará comezo ás 10:35 horas, e o resto de categorías a partir das 12:00h. con saída e meta na Praza do Concello.

4.- Establécense as mesmas categorías para homes e mulleres

Categoría A: Anos de nacemento 2011, 2012 e 2013 (2.500 metros)
Categoría B: Anos de nacemento 2014, 2015 e 2016 (1.000 metros)
Categoría C: Anos de nacemento 2017, 2018 e 2019 (500 metros)
Biberón A: Anos de nacemento 2020, 2021 e 2022 (150 metros)
Biberón B: Anos de nacemento 2023 e 2024 (100 metros)

5.- Estableceranse clasificacións individuais.
- Clasificación individual. **Trofeo aos 3 primeiros postos de cada categoría**, tanto masculina como feminina.

Clasificación (Categoría A 2.500 metros)

- 1º posto: trofeo e (obsequio a determinar)
- 2º posto: trofeo e (obsequio a determinar)
- 3º posto: trofeo e (obsequio a determinar)

Clasificación (Categoría B 1.000 metros)

- 1º posto: trofeo e (obsequio a determinar)
- 2º posto: trofeo e (obsequio a determinar)
- 3º posto: trofeo e (obsequio a determinar)

Clasificación (Categoría C 500 metros)

1º posto: trofeo e (obsequio a determinar)

2º posto: trofeo e (obsequio a determinar)

3º posto: trofeo e (obsequio a determinar)

Clasificación (Categoría Biberón A e Biberón B)

Medallas para todas as persoas participantes **nas categorías BIBERÓN A** (150 metros) e **BIBERÓN B** (100 metros)

-Camisetas para todas as persoas participantes da categoría **escolares/menores**, a recoller o domingo día 3 de Maio antes ou despois da carreira e ata esgotar existencias, as tallas das mesmas serán aproximadas podendo sufrir pequenas variacións.

6.- No momento de retirar os dorsais, necesariamente unha persoa maior de idade, recibirá as indicacións precisas para o mellor desenvolvemento da proba.

7.- A proba pedestre para menores, salvo no especificado neste regulamento, rexerá polo regulamento xeral da "XIII edición de correXsalceda".

8.- As persoas adultas que acompañen aos menores no percorrido escolar non entrarán na clasificación.

Coa aceptación deste regulamento, as persoas participantes consenten expresamente o previsto no presente artigo en relación co tratamento dos seus datos persoais. Mediante a inscrición na proba e a aceptación do presente regulamento, e de conformidade co establecido na Lei Orgánica 15/1999 do 13 de decembro, de protección de Datos de Carácter Persoal, e a súa normativa de desenvolvemento, a persoa participante consente expresamente que os datos persoais que voluntariamente facilitan a través do formulario de inscrición se incorporen aos ficheiros titulares dos responsables do tratamento: <https://sportmaniacs.com/>. Os datos persoais serán utilizados para poder identificar a todas as persoas participantes, levar a cabo todas as xestións administrativas e de xestión necesaria para a organización da proba e da súa participación na mesma.